

## PUBLICACIÓN DOG LISTAXE PROVISIONAL DE PERSOAS ADMITIDAS LISTA ÚNICA DA AGRUPACIÓN PROFESIONAL: LIMPEZA E COCIÑA

Santiago de Compostela 31/07/23

Publícase hoxe en DOG a [Resolución da Dirección Xeral da Función Pública, pola que se fai pública a relación de persoas admitidas e excluídas con carácter provisional que solicitaron a inclusión na lista única para a cobertura, con carácter transitorio, de prazas reservadas a persoal da agrupación profesional, escala de persoal de limpeza e recursos naturais e forestais, especialidade de persoal de limpeza e cociña](#) ao abeiro do establecido no artigo 4.1 da Orde do 20 de xullo de 2021.

### Podes consultar as listas:

- No portal web corporativo da Xunta de Galicia:

<https://www.xunta.gal/funcion-publica/contratacion-temporal/xeracion-de-solicitudes>

- Nas oficinas de rexistro e atención á cidadanía da Xunta de Galicia (edificios administrativos da Vicepresidencia Primeira e Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

### Información que figura nas listas:

- As **persoas solicitantes admitidas** na lista única, ao abeiro da Resolución do 12 de abril de 2023, **procedentes de listas de contratación temporal de categorías** profesionais laborais **equivalentes e das solicitudes presentadas no prazo de 2023** nas listas de contratación temporal de categorías profesionais laborais equivalentes segundo o punto sétimo da dita resolución
  - **Puntuación provisional** resultante da aplicación do baremo.
- As **persoas excluídas** ao abeiro da Resolución do 11 de outubro de 2021, coa causa de exclusión

### Reclamacións:

- **Prazo: 10 días hábiles**, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta Resolución en DOG.
- **Presentarase ante:**
  - Comisión Permanente (Dirección Xeral da Función Pública, Consellería de Facenda e Administración Pública, Edificio Administrativo San Caetano, s/n, Santiago de Compostela)
- **Documentación que tes que achegar, de ser o caso:**
  - Documentación necesaria para emendar a causa de exclusión.
  - Certificación de servizos prestados (Anexo II da Resolución).

